

XUÍZO ao Meco 2019



Meco ruín e malvado

Nós queremos queimar
Porque ti es o culpable
dos nosos montes queimar!!
Mal vai o ecosistema,
mal vai a contaminación,
“Pensa en Verde” meu amigo
e loita por un mundo mellor.

Uns queiman os bosques,

outros deixan lixo por aí
e as nosas terras verdes
non fan máis que sufrir.

Pero nestes días
non nos imos olvidar

o entroido celebraremos
sen deixar de reciclar!!

Meco ruín e malvado...

na fogueira arderás
no mesmo lume que prendiches
mandámoste queimar!!!!!!

E NA súa DEFENSA, o Meco di:

Ai triste de min! Despois dunha semana de reinar, mandar e ordenar...
resulta que agora sen máis miramento, ao lume me queredes botar.

Antes de me xulgar, debedes saber, que todo foi un despiste e que
non volverá a acontecer. Os meus impulsos non podo domar e cando estou
nerviosos, só o lume me pode tranquilizar.

Aínda que son un pirómano, deberíadesme indultar xa que prometo que o
acontecido, xamáis se repetirá.

Agora se me deixades marchar... nos bosques sempre me poderedes
atopar!! estaréi recollendo o lixo que deixades atrás e asustando á xente que os
montes quere queimar.

Grazas por me ensinar que os bosques debemos coidar!!!!

Ala, xa está!!, que a Festa ten que continuar!!!